O Sr. Alcalde-Presidente expón que seguindo a liña argumental do dito no punto anterior, despois de moitos escritos e reunións co seu xefe de gabinete e sei que as miñas mensaxes lle chegan ao Presidente da Deputación, procede a lectura da Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01 / 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

“Á vista dos Convenios extraordinarios outorgados pola Deputación Provincial de Lugo, publicados no Boletín oficial da Provincia.

Vistas as axudas e ou subvencións outorgadas pola Deputación Provincial de Lugo, ao Concello de Paradela, nos últimos anos.

Vistas as funcións que a lexislación vixente lle outorga ás Deputacións Provinciais de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. (Artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Régime Local).

Vistas as necesidades do Concello, en materia de recollida de lixo, derivado da xestión directa do servizo e tendo en conta que o vehículo de recollida ten máis de vinte anos, o que deriva nun estado do mesmo en condicións moi deficientes, ademais de precisar aranxos constantes, que minoran de xeito reseñables as arcas municipais.

A vista de todo o anterior, e polo que se propón ao Pleno da Corporación, a SOLICITUDE DUNHA AXUDA ECONÓMICA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE RECOLLIDA DO LIXO.

Paradela, 20 de novembro de 2014. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Toma a palabra a voceira do Grupo municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, preguntando porque agora trae ao Pleno esta proposta se leva dende o 2010, presentando escritos ao respecto.

O Sr. Alcalde resposta que para darlle máis visos de legalidade, xa que no seu caso e a vista dos continuos convenios extraordinarios que está a asinar a Deputación, e que non teñen nada de extraordinarios respecto de situacións imprevistas, sendo outorgados en moitos casos para festas e dos que deberán dar debida conta, podan levarse a cabo as medidas legais que se consideren.

Pregunta Dona Sonsoles López, se ten un orzamento do custe do vehículo.

O Sr. Alcalde resposta que desde hai anos, e ronda os 127.000,00 €, e que lle consta que a un municipio moi pequeno desta provincia se lle financiou un camión dende a Deputación, sen embargo en Paradela pagamos máis do que recibimos ad deputación, e iso non nos parece xusto.

A voceira dio grupo Municipal Socialista, pregunta se esta petición se lle fixo á Xunta de Galicia, xa que as competencias legais nesta materia correspondenlle a Xunta e aos concellos.

O Sr. Alcalde resposta que sí se lle solicitou, tendo en conta que o camión actual foi cedido pola Xunta a custe cero, e bastantes problemas ten a administración autonómica co tema das depuradoras, sanementos, abastecimentos e mantemento de servizos sociais entre outros; porque entón pregúntolle cales son as funcións da Deputacións e se vostede vai ou non apoiar a proposta.

Dona Sonsoles López Izquierdo, resposta que a súa opinión non lle vai facer falla, porque se non lle fixo falla antes, dende que empezou a facer as peticións e nesta ocasión tampouco, polo que se vai a abster.

Procédese a votación da proposta, que a resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos seis membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención do membro do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

8º. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao terceiro trimestre de 2014, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓN COMERCIAIS.

A fiscalización exércese de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante). emitíndose o seguinte informe na estrita orde económica, con relación ao artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 30 días.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, o presente informe limitáse ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 30 de setembro de 2014.

LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

No apartado 4.4 do referido artigo establecése:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfn: 982 54 11 01 / 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuida a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requerir a remisión dos citados informes.

Queda claro que do mencionado precepto derivase a obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas do Concello de Paradela, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuida a tutela financeira das Entidades locais, sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumplimentar debidamente os informes requeridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, PROPOÑÉNDOSE:

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois áinda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, ”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas a continuación.

INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

<i>Nº pagos realizados dentro período legal de pago</i>	<i>Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago</i>	<i>Nº pagos realizados fóra período legal de pago</i>	<i>Importe total de pagos realizados fóra periodo legal de pago</i>
159	179.456,00 €	0	0,00 €

O Período medio de pago foi de 20,5093 días e o período medio de pago excedido foi de 0,00 días o que supón que os pagos realizados no terceiro trimestre de 2014 non supera os trinta días contemplados na lexislación vixente, e polo tanto cumprindo as prescripción legais.

INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

<i>Nº de operacións pendentes dentro periodo legal de pago</i>	<i>Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal de pago</i>	<i>Nº de operación pendentes fóra do periodo legal de pago</i>	<i>Importe de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago</i>
4	61.436,12 €	0	0,00 €

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: 0,00 €

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA : NINGUNHA

Paradela, 2 de outubro de 2014. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

9º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENROLADA POLA ORDE HAP/2105/2012.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento das obrigas trimestrais de subministro de información da Lei 2/2012 LOEPSF, desenvolvida pola Orde HAP/2105/2012, co seguinte tenor literal:

“INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante RDL 2/2004).
- RDL 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.
- Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfn: 982 54 11 01 / 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

II.- ANTECEDENTES DE FEITO

Resultando que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en diante LOEPSF, regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuir a xerar confianza en correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio levou ao lexislador para establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obrigación das Administracións Públicas de fornecer toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvimento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así como a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

Considerando que o desenvolvimento regulamentario a que se refire o devandito artigo de LOEPSF, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto, sobre as obligacións trimestrais de subministración de información, recolleuse no seu artigo 16.

Os artigos 14 e 16 da Orde, sobre obrigacións mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da Orde.

Resultando que o artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obrigación de remisión e recepción de información nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

Por todos os feitos e fundamentos de derecho descrito emítense o seguinte;

II.- INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obrigación de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 4 da Lei 2/2012, LOEPSF, e o desenvolvimento do mesmo realizado pola Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto co contido dos artigos 4 e 16 da mesma, este secretario-interventor cumpriu coa súa obrigación de remisión de subministración da información trimestral correspondente ao terceiro trimestre de 2014, en tempo e forma, o 30/10/2014. Envorcándose a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na Oficina Virtual das Entidades Locais, achégase xustificante no expediente.

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Para fornecer a información requirida, correspondente ao terceiro trimestre de 2014, e a pesar de que a normativa, non esixe de maneira específica a elaboración dun informe nin o seu posterior tratamento, esta intervención considera necesario a elaboración do presente informe, que resume a información envorcada, os principais criterios de estimación seguidos, e que recolle as conclusóns respecto das previsións de cumprimento ou de incumprimento ao peche do exercicio orzamentario dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.

Hai que destacar que a propia plataforma telemática habilitada para o envorcado da información, recolle no apartado 4 Peche do informe de avaliación e firma, a necesidade de dar traslado ao pleno da Corporación do resultado do informe de avaliación. O capítulo IV da LOEPSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio podería, imponer ás entidades locais, cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Doutra banda, abundando na necesidade de dar conta ao Pleno, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de Estabilidade Orzamentaria, establecía no seu artigo 16.2 a obligatoriedade de emitir informe de intervención de cumprimento do obxectivo de estabilidade e dar conta ao Pleno nos supostos de expedientes de modificación de créditos. Na actualidade tras a entrada en vigor da LOEPSF e a Orde Ministerial de desenvolvemento sobre as obrigacións de subministración de información, segundo contestación emitida pola Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais a pregunta de Cosital Network, a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto non é requisito previo necesario para a aprobación dos expedientes de modificación, senón que procede a actualización trimestral do informe de intervención de cumprimento dos obxectivos a que se refire a Orde HAP2105/2012. Cálculo do que pode derivarse de maneira perceptiva a elaboración dun Plan Económico Financeiro por incumprimento de obxectivos.

Por todo iso, do presente informe considérase necesario dar traslado á Alcaldía, para que se proceda á súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contido da información

A información para fornecer para dar cumprimento á obrigación de remisión, é parte da que se recolle no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e materializouse nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais, cumplimentados a través da Oficina Virtual antes citada, que non recolleu o total da información detallada no artigo. No terceiro trimestre vanse a utilizar os mesmos formularios e a previsión é de que no cuarto completásense para detallar a totalidade de información que se recolle no citado artigo 16.

Se adxunta copia impresa dos formularios remitidos:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfn: 982 54 11 01 / 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos presupuestarios

Resumen Clasif. Económica

Desglose Ingresos correntes

Desglose Ingresos de capital e financeiros

Desglose Gastos correntes

Desglose de operación de capital e financeiras

Remanente de tesouraría

Calendario e Presupuesto de Tesouraría

Dotación de Plantillas e retribucións

Débeda viva e previsión de vencimientos de débeda

Perfil de vencimiento da débeda nos próximos 10 anos (operación contratadas e/ou previsto realizará ata 31/12/2014)

Anexos información

F.1.1.B1 Axustes Informe de Evaluación para relacionar Ingresos/Gastos con normas SEC

F.1.1.B2 Información para a aplicación da Regla do Gasto

2. Ajustes a Sistema de Contas Europeo aplicables a Grupo de Entidades da Corporación

2.1 Axustes por operacións internas entre entidades

3. Informe de Evaluación grupo Administraciones Públicas

3.0 Datos xerais do Informe de Avaliación

3.1 Validación datos informe avaliación/levantar validación

3.2 Resumo análise Estabilidade Presupuestaria

3.3 Resumo análise Regla do Gasto

4. Peche do Informe de Evaluación e Sinatura

IV.- CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:

Cos datos de execución orzamentaria existentes a 30 de setembro de 2014, e coas estimacións e cálculos realizados en base aos mesmos, o Concello de Paradela:

- Cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria; capacidade de financiación da Corporación Local por importe de 80.856,35 €.

- Cumpre o obxectivo de regla de gasto.

- O nivel de débeda viva é de 239.695,81 €

Paradela, 30 de outubro de 2014. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O DESDOBRAMENTO DO CORREDOR LUGO – SARRIA – MONFORTE (C.G.-2.2) PARA TRANSFORMALO EN AUTOVÍA.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista para solicitar á Xunta de Galicia o desdoblamiento do corredor Lugo – Sarria – Monforte (C.G.-2.2) para transformalo en autovía, co seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O DESDOBRAMENTO DO CORREDOR LUGO-SARRIA-MONFORTE (CG -2.2) PARA TRANSFORMALO EN AUTOVÍA.

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Corredor de Galicia 2.2, de titularidade autonómica, estase a converter de xeito recorrente en noticia debido ás numerosas colisións e accidentes mortais. Recentemente, en concreto o pasado 30 de outubro, tivemos que lamentar de novo o falecemento de tres lucenses, ampliándose así o número total de mortos ata a arrepiante cifra de sete dende a inauguración da VAP.

O Corredor que une Lugo con Sarria e con Monforte, iniciou as obras en 2008 grazas ao impulso do Goberno Socialista, co obxectivo de vertebrar a provincia de Lugo favorecendo a interconexión entre o centro e o sur, liberando de tráfico os concellos e diminuíndo o volume de vehículos da estrada LU-546.

A chegada á Presidencia da Xunta do Partido Popular supuxo un verdadeiro revés para o desenvolvemento da vía, cuxa previsión inicial era estar acabada a mediados do ano 2012, e que, tras continuadas partidas insuficientes nos presupostos autonómicos, hoxe se apraza sine die. Actualmente, a Vía de Altas Prestacións ten útiles 34 quilómetros dos case 60 que completarían o corredor, debido á falta de consignación económica e á falta de compromiso coas bisbarras de Sarria e Lemos do Presidente Feijóo.

A comunicación e o desfrute de infraestruturas axeitadas supón un reto común en varias áreas políticas, favorecendo diferentes obxectivos como poden ser o fomento da competitividade das empresas vía redución de custos de transporte, e políticas contra o despoboamento mediante a aposta pola conectividade do centro e a periferia.

O deseño desta vía xa se deseñou pensando que nun futuro fose desdoblada e se convertese en autovía. A cruenta realidade móstranos como esa encomenda futura hoxe se converte nunha esixencia cidadá, que ve como a inseguridade afecta ao uso da vía.

A realidade é que a apertura dun segundo carril por sentido e a instalación de medianas convertería o corredor nunha vía moito máis segura. O Consello da Xunta do 26 de xuño de 2008 xa manifestou a vontade de que o corredor se convertese en autovía, podendo lerse na información de dito Consello que "O corredor contará con



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfn: 982 54 11 01 / 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

dous carrís de 3.5 metros e dúas beiravías de 2.5 metros, e as súas estruturas estarán preparadas para o seu desdobramento en autovía cando a intensidade do tráfico así o requira". O numeroso tráfico avala o desdobramento: supón converter o actual corredor nunha autovía que une Lugo coa futura A-76, conectando a provincia lucense con Ponferrada a través de Ourense.

Polo exposto, e ante o incremento de accidentes de tráfico que sofre a estrada autonómica, e a vocación desta de ser no futuro unha autovía que vertebre o territorio da provincia de Lugo, Ourense e León, por medio da A76, o Grupo Municipal Socialista somete a pleno os seguintes

ACORDOS

- *Instar ó Presidente da Xunta a que inicie os trámites para converter o actual Corredor Lugo-Sarria-Monforte (CG 2.2) nunha autovía, desdobrando o carril por sentido de circulación.*
- *Esixir á Xunta de Galicia que incremente as medidas de seguridade e vixilancia do corredor para previr accidentes de tráfico ata o seu futuro desdobramento.*

*En Paradela a 21 de novembro de 2014. Asdo. Sonsoles López Izquierdo.
Voceira do Grupo do PSdeG PSOE no Concello de Paradela
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA".*

O Sr. Alcalde toma a palabra dicindo que se acepta engadir a súa proposta, respecto do primeiro punto e quede do seguinte xeito “Instar ó Presidente da Xunta a que inicie os trámites para converter o actual Corredor Lugo-Sarria-Monforte (CG 2.2) nunha autovía, desdobrando o carril por sentido de circulación, sempre que os estudos sobre a densidade de tráfico que soporte a infraestrutura o aconsellen.” O Grupo municipal Popular votaría a favor da Moción presentada.

Dona Sonsoles López, intervén dicindo que non se debe esperar a que haxa máis mortos, nen a ese estudos e as súa circunstancias estruturais, que ademais o que se pide e que se inicien os trámites, non é unha cousa de hoxe para mañá.

O Sr. Alcalde, di que non entende a continua contradición do Partido Socialista, sinalando que a Xunta seguirá coa súa folla de ruta, priorizando as máis necesarias e rematando as que están en marcha, como é o caso desta vía de altas prestacións na que se dobra o orzamento para o ano 2015; ademais non se pode facer un uso partidista das vítimas como pretende o seu grupo, e o que hai que ver é o esforzo da Xunta e desexar que non se produzan máis accidentes.

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista, replica dicindo que non entende que vostede se refira a contradicións do Partido Socialista, cando Alcaldes desta comarca do Partido Popular como son os de Sarria, Corgo e Láncara si apoian o desdobramento da vía.

Sómete a Moción a votación, que resulta rexeitada pola maioría absoluta cos votos dos seis Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular; polo voto a favor do membro do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

11º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO AO GOBERNO A

MODIFICACIÓN DO DECRETO DO PAQUETE LÁCTEO, E INSTANDO AO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE A DESENVOLVER UN PLAN COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS QUE HARMONICE A XESTIÓN DA COTA LÁCTEA.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista esixindo ao Goberno a modificación do Decreto do paquete lácteo, e instando ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a desenvolver un plan coas comunidades autónomas que harmonice a xestión da cota láctea, co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO AO GOBERNO A MODIFICACIÓN DO DECRETO DO PAQUETE LÁCTEO, E INSTANDO AO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE A DESENVOLVER UN PLAN COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS QUE HARMONICE A XESTIÓN DA COTA LÁCTEA

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demás normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os prezos que se pagan aos produtores de leite en Galicia volven estar por debaixo da media, despois duns meses nos que foron equiparables aos pagados no resto de España e Europa. Unha vez máis, a volatilidade do mercado, a falta de medidas estruturais que o evitasen e a ausencia de acción política devolve ao sector á situación de debilidade que tiña hai un ano.

Non se aproveitou o momento de prezos, equiparable ao resto de Europa, para tomar medidas políticas e normativas de cara a protexer aos produtores no momento en que as condicións de mercado internacional non fosen tan favorables.


A falta da figura de mediador, a ausencia dun réxime forte de sancións para que as empresas lácteas non poidan incumprir a normativa vixente, a ausencia dun marco de negociación entre industrias e produtores, a pouca duración dos contratos asinados, ou o inminente final do sistema de cotas lácteas, eran claros indicadores de que o sector necesitaba que o Goberno tivese tomado iniciativas políticas da mesma forma que estaban a facer outros gobernos do noso ámbito europeo.

Dende o Propio Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente recoñécese o fracaso do Paquete Lácteo e a necesidade de dotar á normativa de carácter sancionador real. O pasado mes de maio, o novo titular do Ministerio anunciou modificacións neste sentido sen que se coñeza ainda como se concretan as devanditas modificacións.

A situación do sector en Galicia, comunitade determinante tanto en producción coma en número de explotacións, é moi preocupante. Unha baixada de prezos en orixe, a ameaza do pagamento da supertaxa por exceso de producción, centos de explotacións que neste momento non teñen contrato, as que o teñen cunha duración que non supera os 3 meses, etc., dá como resultado que os produtores e produtoras galegos non teñan os mecanismos necesarios para poder competir en igualdade de condicións que os seus veciños europeos, e polo tanto, fai que perciban un prezo inferior polo seu produto.

Por todo iso, ante a nova debilidade que vai sufrir o xa maltratado sector lácteo coa liberalización das cotas, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte

MOCIÓN



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfn: 982 54 11 01 / 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidllocal.es

Esixir que a Xunta de Galicia lidere fronte ao Goberno Central as seguintes medidas:

- Que se modifique o decreto que desenvolve o Paquete Lácteo para que regule realmente as relacións contractuais entre produtores e industriais antes do día 1 de decembro deste ano, co fin de que o 1 de xaneiro do 2015 estean operativos os contratos, dado que en abril desaparecen as cotas.
- Que se introduza a figura do mediador e fortes sancións para que a industria non fixe os prezos de xeito unilateral, nin impoña contratos á baixa
- Que a duración mínima dos contratos sexa dun ano e que se garanta a recollida de todo o leite producido nesta campaña
- Que o Orzamento autonómico do 2015 destine unha partida suficiente para poñer a disposición dos gandeiros de leite neste ano a metade das terras que actualmente están abandonadas en Galicia -400.000 hectáreas-, así como fórmulas que impidan a replantación das terras agrarias.

*En Paradela a 21 de novembro de 2014. Asdo. Sonsoles López Izquierdo.
Voceira do Grupo do PSdeG-PSOE no Concello de Paradela
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA".*

O Sr. Alcalde inicia a súa intervención dicindo que segundo o Partido Socialista e o BNG cando o prezo do leite baixa é culpa da Xunta e cando sube é polos mercados, polo que considera esta unha postura hipócrita; sendo a baixa de prezos na primavera e verán de carácter estacional, e en maior ou menor medida sempre se produce coa excepción do ano 2013, tamén na época do bipartito os prezos na primavera baixaban, non sendo certo que esta baixa se produza só en Galicia, tendo en conta as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia desde 2009 para mellorar a competitividade das explotacións, a súa capacidade financeira e de liquidez e a estrutura comercial do sector, explicando cada unha destas medidas.

A Moción di que non se aproveitou o momento de prezos, equiparable ao resto de Europa, para tomar medidas políticas e normativas de cara a protexer aos produtores no momento en que as condicións de mercado internacional non fosen tan favorable; segundo di o Sr. Alcalde si se tomaron medidas de gran calado, realizando un longo relatorio das mesmas.

Respecto ao argumento da Moción relativo á falta da figura de mediador, a ausencia dun réxime forte de sancións para que as empresas lácteas non poidan incumprir a normativa vixente, a ausencia dun marco de negociación entre industrias e produtores, a pouca duración dos contratos asinados, ou o imminente final do sistema de cotas lácteas, eran claros indicadores de que o sector necesitaba que o Goberno tivese tomado iniciativas políticas da mesma forma que estaban a facer outros gobernos do noso ámbito europeo, di que en oito meses fixemos máis que o bipartito en oito anos, poñendo en marcha disposicións legais, consolidando o sector lácteo a través da axuda do Ministerio, explicando todas as medidas adoptadas.

En canto ao contido da Moción, sinala que a mesma nos apartados segundo e cuarto atentan a legalidade, polo que no podemos estar de acordo, dicindo asemade que esta moción chega tarde coma sempre.

Despois dunha longa exposición e argumentario, toma a palabra Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista dicindo que é un esperpento o que acaba de suceder, adicando 25 minutos, para demostrar que non ten ni idea do que está a pasar co sector leiteiro e o único que fixo foi despreciarlo.

O Sr. Alcalde di que o sector carece de representatividade algunha, e o que ten que facer é organizarse, por desgracia para os productores os propios sindicatos enganaron aos seus representados, e non se lle está a explicar ben aos gandeiros como son as cousas.

Dona Sonsoles López intervén dicindo que cando se fixo esta Moción o seu partido falou cos gandeiros, cousa que seguro non fixo o PP e non cree que os gandeiros vaian por aí dicindo unha cousa e logo a contraria.

Despois dun intenso debate, sómete a Moción a votación, que resulta rexeitada pola maioría absoluta cos votos dos seis Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular; polo voto a favor do membro do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, nem tampouco neste intre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión
sendo as catorce horas e quince minutos do vinte e sete de novembro de douce mil
catorce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace
O Alcalde

O Secretario-Interventor

